

Emberiza cirlus (Linnaeus, 1766)

	escribenta común
	escribano soteño
	hesi-berdantza
	gratapalles
	cirl bunting
	escrevedeira-de-graganta-preta



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Emberizidae	Emberiza



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	25 cm
Lonxitude	15-16,5 cm
Envergadura	22-25,5 cm

ALIMENTACIÓN

Principalmente sementes, que complementa na época de cría con invertebrados varios.

COMPORTEMENTO

Nun arbusto, a femia constrúe un niño descoidado e voluminoso cunha base de musgo á que engade herba e raíces. O macho non ten parada nupcial, simplemente ofrece á femia unha herba para incitar á femia a facer o niño en cuxa construción non vai colaborar.

REPRODUCCIÓN

Celo de abril a agosto. Unha soa posta de 2-5 ovos brancos ou azulados, moteados e/ou listados, que a femia incuba durante 11-14 días. Os polos abandonan o niño aos 11-13 días. Serán independentes dúas semanas despois.

HÁBITAT

Formacións boscosas tanto densas como abertas, pero sempre en ambientes húmidos.

DISTRIBUCIÓN

Distribución circunmediterránea, especialmente concentrada en Francia, Italia, penínsulas Ibérica e Balcánica e Turquía. Poden chegar ao mar Negro e ás illas Británicas.

CURIOSIDADES

Ao rematar o inverno, os bandos de escribenta disgreganse e os machos van marcando os seus territorios mediante o seu monótono canto emitido dende o alto dunha rama.

Cando un predador se acerca ao niño, a femia bótase ao chan finxíndose ferida, e arrástrase intentando apartalo da posta ou dos polos.